

EDICTO

Edicto da Dirección Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude do permiso de investigación denominado Carballeira número 7199, situado nos concellos de Boimorto e Mesía (A Coruña) para recursos da sección C), promovido pola sociedade Explotación de Rocas Industriales y Minerales, S.A. (ERIMSA).

Aos efectos previstos no artigo 23.4 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, e no artigo 70.2 do Regulamento xeral para o réxime da minaría do 25 de agosto de 1978, esta Dirección Territorial

ACORDA

Someter a información pública, durante un prazo de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do presente acordo no Diario Oficial de Galicia, a solicitude do permiso de investigación Carballeira número 7199, de dezanove (19) cuadrículas mineiras para recursos da sección C) (cuarzo metalúrxico), situado nos concellos de Boimorto e Mesía (A Coruña) promovido pola sociedade Explotación de Rocas Industriales y Minerales, S.A. (ERIMSA) con domicilio social na rúa Copérnico, 7-2º A1-A Coruña.

Durante o prazo indicado, aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas polo citado proxecto, poderán examinalo nas dependencias da Sección de Minas do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, Edificio Administrativo Monelos, 2ª planta, rúa Vicente Ferrer núm. 2, 15071 A Coruña, das 09:00 ás 14:00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico seccion.minas.coruna@xunta.gal ou no teléfono 981184913, así como no portal da dita consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>

e formular as súas alegacións por escrito ante este órgano administrativo, presentándoas en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,
Isidoro Martínez Arca,
Director territorial da Coruña.

